

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2021

Ás 10.00 horas do día 26 de febreiro de 2021, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifeseizecloud.com/6699556> ) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

**Deputados de Democracia Ourenzana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. José Miguel Caride Domínguez

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver videoacta](#)

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondentes á ordinaria do 29 de xaneiro de 2021. Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do 29 de xaneiro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN SOBRE O CENTRO DE OPERACIÓN DE CONCA (COC) DE IBERDROLA NA RÚA.-**

O Sr. presidente dá lectura á seguinte declaración institucional, acordada na Xunta de Portavoces do 22 de febreiro de 2021:

“1º.- Trasladarlle á dirección de Iberdrola SA a súa oposición ao peche do Centro de Operación de Conca (COC) que a empresa ten na Rúa (Ourense).

2º.- Instar á dirección de Iberdrola SA a que reconsidere a decisión de clausurar o Centro de Operación de Conca (COC) que ten na Rúa e amose o seu compromiso coa provincia de Ourense e con Galicia.

3º.- Instar e apoiar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España para que, no exercicio das súas responsabilidades e competencias propias, adopten as accións e iniciativas necesarias para que

Iberdrola SA rectifique a decisión de pechar o Centro de Operación de Conca (COC) que a empresa ten na Rúa (Ourense).

4º.- Trasladarlles o amparo e solidariedade aos traballadores e demais persoas afectadas polo peche do Centro de Operación de Conca (COC) que a empresa Iberdrola SA ten na Rúa (Ourense)”.  
3º.- **DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE CIUDADANOS.-**

Dáse conta da modificación producida no grupo provincial de Ciudadanos.

A Corporación queda informada.

**4º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

O Sr. presidente propón tratar conxuntamente os puntos 4º e 5º, e que a votación sexa separada, proposta que é aceptada por unanimidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para indicar que as modificacións propostas obedecen a unha decisión totalmente persoal desta deputada e concelleira e agarda que o debate quede nese terreo.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que ao igual que cando foi o caso do deputado Miguel Caride non ten nada que engadir, que se respecta esa decisión persoal, pero todo isto sen prexuízo da crítica política.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que dende o punto de vista político este tema xa foi amplamente debatido cando tivo lugar a modificación do grupo de DO, e que o feito de modificar a composición das comisións informativas é unha cuestión puramente técnica sen prexuízo da lectura política que se poida facer.
- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que o grupo socialista si ten moito que dicir sobre esta cuestión, e que a Deputación debера suxerir facer un “Observatorio” para saber cal é a composición da corporación debido aos cambios que ten habido neste mandato, engadindo que non se trata de cuestións persoais, xa que estamos aquí representando a cidadáns que nos elixen por unha determinada lista electoral, cuestión aínda máis acentuada nos casos de elección indirecta como son os dos deputados e deputadas provinciais. Sinala que un caso como este supón arrebatarse a decisión da cidadanía, e que isto

mesmo o din os seus propios compañeiros de CS, xa que Montserrat Lama é deputada tendo CS pouco máis de trescentos votos en Xinzo e que o maior peso de votos deste partido se obtivo na cidade de Ourense. Lembra que o partido de CS está pedindo que se devolva a acta, e que o partido de CS deixa de estar representado nesta corporación pola decisión desta deputada. Seguidamente lembra como esta deputada dicía que viña a mudar certas formas de facer política nesta provincia cando se incorporou a CS e que se equivocou cando dixo do deputado Miguel Caride que ía coller a dedicación exclusiva por ser vicepresidente segundo, cuestión na que recoñece que se equivocou.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que se trata dunha cuestión moi ben regulada na normativa vixente, que se trata do abandono dun grupo político e do pase á situación de non adscrita, e que seguindo o informe da secretaría xeral procede adoptar unha serie de acordos organizativos. Lembra como no Concello de Taboadela gobernado polo PSOE o tenente de alcalde tamén é de CS e que acaba de abandonar o partido e segue ocupando ese cargo, e que a propia Montserrat Lama votou a favor do orzamento do concello de Xinzo, gobernado tamén polo PSOE, e que neses casos non escoitou falar de transfuguismo.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza sinalando que segundo indica o voceiro socialista os deputados non adscritos deben estar mal vistos, pasando logo a dar lectura a un whatsapp do día 11 de febreiro onde un/ha dirixente do PSOE, logo de que a alcaldesa de Xinzo lles remitise aos medios o escrito de abandono do grupo de CS, lle escribe que "*...me han comentado que te pasas a no adscrito. Simplemente una cuestión, es posible seguir con las negociaciones de la moción de censura o las damos por finalizadas...*". Engade que non entende como o PSOE quería seguir negociando cando ela xa era non adscrita. Por último sinala que a porcentaxe de votos para deputado provincial polo partido de CS na cidade de Ourense foi o peor e por detrás de concellos como Xunqueira, Taboadela, Xinzo ou Maceda, e que ao mellor o que enganou aos seus votantes foi o propio deputado Gómez Pérez, que ía de cabeza de lista á alcaldía de Ribadavia e que agora na recente moción de censura propoñen de candidata á número catro da lista.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para indicar que o guión da serie “Xogo de tronos” queda curto para definir os movementos da política nesta provincia, en particular no concello de Ourense e na Deputación, o cal non é produtivo cara a cidadanía.

Nese sentido indica que o BNG se amosa como unha forza política seria e construtiva cunha postura clara, que é o que nos pide a cidadanía.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Lembra que o grupo de DO xa trouxo a este pleno unha moción sobre o transfuguismo e que a postura é ben coñecida, se ben o que se vai votar agora son cuestións puramente técnicas, consecuencias burocráticas desta situación, indica que o seu grupo vai votar a favor.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que a señora Lama sempre indica que *“ella es lo más de lo más”*, e que parece que non ten entendido que ela non é mellor que ninguén. Claro que estamos ante unha cuestión técnica, pero que son consecuencia dunha acción política, neste caso de Montserrat Lama. A continuación lembra como a deputada Montserrat Lama, hai preto de dous anos, anunciara que deixaba o PP decepcionada e farta. Seguidamente lembra tamén como en declaracións en prensa dixera que *“nunca pactaría co PP”*. Por último indica que Montserrat Lama leu unha conversa privada, o que é un feito inmoral. Por último dirixíndose ao BNG sinala que non poden quedarse ao marxe deste debate, e que hai que mudar a política que leva padecendo esta provincia durante máis de trinta anos.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que se trata de votar as consecuencias xurídicas dunha decisión persoal e libre da deputada Montserrat Lama. Engade, dirixíndose ao señor Gómez Pérez, que poñer agora á número catro da lista socialista como alcaldesa de Ribadavia, igual tamén é enganar un pouco aos votantes, e que en todo caso o deberán valorar os votantes de Ribadavia. Remata sinalando que a crise de CS é unha cuestión interna, e máximo respecto tanto aos cargos que deciden quedar en Cs como aos que deciden abandonar o partido político.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese nos puntos 4º e 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 4º e 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Modificar a composición das comisión informativas permanentes, de tal xeito que cada comisión estará integrada por cinco (5) representantes do Grupo Popular, tres (3)

representantes do Grupo Socialista, un (1) de Democracia Orensana, un (1) representante do BNG e unha (1) deputada non adscrita.

**5º.- MODIFICACIÓN DA BASE 67ª, APARTADO D) DO CAPÍTULO XI RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN DAS DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co punto 4º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Base 67ª das de execución dos orzamentos provinciais para o exercicio 2021, con efectos do 1 de marzo de 2021, no seguinte sentido:

*Letra d) Persoal eventual: Suprímese a previsión que indica “O Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía disporá dun administrativo”,*

*Letra e) Dedicacións exclusivas: Suprímese a previsión que indica “Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, una dedicación exclusiva”.*

**Segundo.-** De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

\*\*\*Antes do comezo do seguinte punto da orde do día, prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Pide a palabra para dar lectura a un parágrafo do informe da secretaría xeral remitido coa convocatoria onde se indica que “...que o membro non adscrito a grupo, non tería ningún dos dereitos inherentes a el, como son os de dispor de persoal eventual, dispor de subvención de grupo político ou de local no Pazo provincial...”. Seguidamente indica que cree que hoxe a deputada provincial

Montserrat Lama está asistindo a esta sesión dende o local que grupo de CS tiña na sede da Deputación, polo que pregunta se debería abandonar ese local.

- Sr. presidente: Antes de darlle a palabra ao secretario xeral, intervén para aclarar que a deputada Montserrat Lama solicitou con antelación un espazo para conectarse a este pleno telemático, e que se entendeu que non existía ningún inconveniente ao respecto de habilitar un espazo para que puidese asistir ao pleno.

- Secretario xeral: En primeiro lugar ratifica integramente o contido do seu informe remitido coa convocatoria, seguidamente indica que descoñecía esa solicitude e autorización á deputada provincial Montserrat Lama así como a súa presenza física no Pazo Provincial e por último engade que entende que a situación debe considerarse unha autorización puntual para este pleno en concreto, que a deputada non adscrita non tería dereito a un uso continuado dun local nin á infraestrutura propia dos grupos, e que o único precedente que coñece é o dunha recente sentenza do TC respecto a un membro non adscrito na Asemblea da Comunidade Autónoma de Estremadura na que se ratificou o criterio de que non ten dereito a un despacho de xeito continuado, sen prexuízo de autorizacións puntuais para reunións de traballo.

- Montserrat Lama (non adscrita): Sinala que se trata dunha petición puntual que fixo, debido ás súas circunstancias persoais e familiares, posto que dende a casa lle resultaba moito máis difícil acudir a este pleno, en particular pola súa duración.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Pide que, se a deputada Montserrat Lama está ocupando un local dun grupo político ao que non ten dereito, deixe de usalo, pedindo que se cumpra o que di o informe do secretario xeral.

## **6º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AO MANIFESTO SOBRE O FUTURO DAS CONCESIÓNS HIDROELÉCTRICAS DE ESPAÑA.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que deberíamos aproveitar este manifesto para visualizar o paralelismo destas dinámicas que acontecen coas hidroeléctricas herdadas das décadas dos 50, 60, 70 e incluso 80, co que está acontecendo cos aproveitamentos eólicos e fotovoltaicos. Lembra que a obriga das AAPP é a de obter rendementos para os habitantes do territorio respectando o medio ambiente, e que non deben

volver cometerse os erros do pasado. Resulta de xustiza que os primeiros beneficiados polos aproveitamentos dos recursos naturais sexan precisamente os habitantes dese territorio. Engade que os dereitos de explotación dos encoros deben reverter para o sector público e os concellos deben intervir na súa xestión, polo que indica que o grupo do BNG vai votar a favor deste manifesto.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza sinalando que as reflexións e peticións que se realizan no manifesto lle parecen moi acaídas, sobre todo na situación actual de caducidade nas concesións que se están producindo e se van producir en vindeiros anos, así como a reclamación de facer unha normativa favorable para o interese público fronte os intereses privados.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que van votar a favor deste manifesto sobre o que quere facer unha serie de observacións. Lembra que a actual Lei de augas indica que rematadas as concesións dos aproveitamentos estes reverterán á AP competente de xeito gratuito e libres de cargas. Sinala que Ourense é unha provincia con moitos encoros, dos que pasa a dar lectura, sinalando que existen 30 centrais e máis de 20 encoros, que darían para cubrir todo o territorio provincial cunha lámina de auga de máis dunha cuarta, e que a produción de enerxía supón o 11 % do total de España. Seguidamente pasa a nomear aos propietarios e máximos accionistas das compañías eléctricas titulares dos aproveitamentos da provincia (fondos de investimento privados e moitos deles con capital público de países como Qatar, Noruega ou Italia, que son os donos de Naturgy, Endesa e Iberdrola, que son as titulares de todos os encoros da nosa provincia), que son os que disfrutan os recursos da nosa provincia. Engade que segundo o informe de planificación hidrolóxica da CH do Miño-Sil, o uso industrial dos recursos hídricos para a produción de enerxía trouxo como consecuencia alteracións hidromorfolóxicas nos ríos e nos seus ecosistemas, e que é importante que as concesións deben reverter ás AAPP con contrapartidas para as xentes, terreos e concellos afectados, e con control público sobre as instalacións hidráulicas. Por último lembra o dato publicado recentemente polo diario La Región, onde se cifran en 800 millóns de euros netos os beneficios das centrais hidroeléctricas da provincia, e que tributan fóra da provincia.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza amosando o seu agradecemento aos diferentes grupos polo seu apoio a esta proposta da Presidencia. Seguidamente indica que se trata de buscar solucións a este problema, e non só laiarse da situación, como fixo o

voceiro do Grupo Socialista. Sinala que esta Federación de concellos e deputacións, á que está adherida a propia Deputación e 43 concellos da provincia, ten como obxectivo defender aos concellos que acollen centrais hidroeléctricas e encoros, e sen matices políticos, e que sempre adoptou as súas decisións por unanimidade. Este manifesto é promovido por esta Federación cuxa finalidade é promover a autonomía municipal neste ámbito da explotación de recursos hidroeléctricos, pasando por último a dar lectura ás manifestacións e demandas máis salientables do manifesto que se somete a votación, moi oportuno porque nos atopamos en anos en que caducan moitas das concesións hidroeléctricas existentes. Remata reivindicando o manifesto e a súa especial importancia para a nosa provincia, así como a necesidade dun novo marco legislativo para este tipo de explotacións, tal e como se detalla no manifesto.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que a deputada do BNG por esta provincia no Parlamento autonómico Noa Presas presentou unha iniciativa no Parlamento autonómico e non tivo o apoio que parece que si vai ter este manifesto. Engade que os gobernos, popular na Xunta e socialista no Estado, son os competentes para atender ás reivindicacións deste manifesto, e agarda que coa enerxía eólica e fotovoltaica non se cometan os mesmos erros e estas reivindicacións sexan tidas en conta e se fagan extensivas, e non se produza o mesmo espolio na nosa terra dos nosos recursos naturais.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Incide no tema da débeda histórica, e no feito de que as novas iniciativas resarzan á nosa provincia dos danos ecolóxicos causados por este tipo de instalacións na nosa provincia. Estamos nun punto de inflexión que debe resarcir o dano causado na nosa provincia e que tamén deben ser previstos nas infraestruturas eólicas que se están estendendo pola nosa provincia.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención dirixíndose ao voceiro popular para lembrarlle que a desfeita que estaban a causar as minicentrais hidroeléctricas nos nosos ríos foi paralizada polo goberno bipartito na Xunta de Galicia, e que a ampliación do prazo de moitas concesións foi efectivamente durante o goberno de Aznar. Engade que a riqueza que se xera nesta provincia non repercute aquí, e que temos que chegar ao abaratamento da electricidade, á compensación aos concellos afectados, industrialización, recuperación ecolóxica e outras medidas similares polo territorio e pola nosa poboación. Engade, por último, que o goberno socialista do Estado a través da ministra de Transición Ecolóxica Teresa Ribera, está a traballar neste tema.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando que o manifesto é para centrais hidroeléctricas e encoros, que é onde esta asociación é competente, e non noutro tipo de instalacións. Engade que a ministra de Transición Ecolóxica, polo de agora, só palabras, pero feito ningún. Remata agradecendo o apoio de todos os grupos a este manifesto e á proposta da Presidencia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

A adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao “manifesto sobre o futuro das concesións hidroeléctricas de España”, co seguinte contido:

PRIMERO: A lo largo de la primera parte del siglo XX se realizaron en España las principales inversiones en aprovechamientos hidroeléctricos, que actualmente siguen en funcionamiento, y que constituyen un importante y consolidado sistema de generación de energía altamente eficiente y de naturaleza renovable.

Las centrales hidroeléctricas, como generadoras de energía eléctrica, fueron parte indiscutible en la estrategia del desarrollo económico y social de nuestro país, jugando un rol importante en el progreso en todos los órdenes, en especial de las zonas más industrializadas, actuando como motor de su crecimiento económico, haciendo posible el acceso a muchos recursos que de otra manera sería imposible incorporar a la vida productiva de la sociedad.

SEGUNDO: Pero hay una vertiente de la generación hidroeléctrica que desde un primer momento fue la gran olvidada en este proceso de desarrollo e industrialización: el impacto medioambiental y socioeconómico que estas infraestructuras produjeron y siguen produciendo en los territorios donde se implantaron, en general zonas rurales de toda España que se vieron inmersas en un proceso de abandono de toda actividad económica y en la consiguiente despoblación, en contraste con la riqueza y el progreso que procuraron en otras zonas del país, contribuyendo a primar el modelo urbano y de concentración demográfica en las urbes, en detrimento, del modelo rural. Todo ello sin olvidar el riesgo potencial que conllevan tanto las presas de regulación como las instalaciones de alta tensión, afecciones que comenzaron desde la construcción de las infraestructuras y perviven en la actualidad.

Estos impactos negativos no fueron ni analizados ni valorados en su momento, por lo que existe una indudable deuda histórica de carácter medioambiental, social y económico, con estos territorios que podemos calificar como "zonas cedentes" de un recurso natural, fundamental para el desarrollo de todo un país, y que continúa siendo estratégico hoy en día.

Igualmente, somos conscientes que este proceso de despoblación o éxodo rural ha sido y es mucho más complejo, debido a otros motivos aparte de la implantación de los complejos hidroeléctricos, como son fundamentalmente el cambio de estructura del sistema productivo y la escasa productividad de las explotaciones agrícolas y ganaderas de determinadas zonas

frente a las grandes zonas que empezaban a desarrollarse en el ámbito de los denominados sistemas de interés nacional.

TERCERO: En la actualidad, son ya muchas las voces, desde el Gobierno de la Nación a todo tipo de administraciones de carácter estatal, autonómica y local, instituciones de todo tipo, sindicatos, así como asociaciones y federaciones de carácter municipalista, que se han dado cuenta y han dado la voz de alarma de que la regresión demográfica se ha convertido en un problema de Estado y que la despoblación del medio rural es una de las realidades más severas de nuestros tiempos.

El vaciamiento de la mayor parte del territorio español, además de provocar un grave problema de desequilibrio socioterritorial, compromete también las cuentas públicas y supone una pérdida de potenciales activos de riqueza por el desaprovechamiento de recursos endógenos y lograr el reequilibrio territorial será y es uno de los objetivos prioritarios de los Gobiernos.

Todo ello ha llevado a la aprobación de una Estrategia Nacional frente al Reto Demográfico, en la cual tiene su reflejo la situación de las zonas rurales "cedentes" de agua y energía hidroeléctrica, cuyo objetivo general de la Estrategia es sentar las bases de un proyecto de país que garantice la igualdad de oportunidades y el libre ejercicio de los derechos de ciudadanía en todo el territorio, a través de la coordinación y cooperación de todas las administraciones públicas, el aprovechamiento sostenible de los recursos endógenos y la estrecha colaboración público - privada, que garanticen una plena conectividad territorial, aseguren una apropiada prestación de servicios básicos a toda la población en condiciones de equidad, incorporen el impacto y la perspectiva demográfica en la elaboración de leyes, planes y programas de inversión, avancen en la simplificación normativa y administrativa para los pequeños municipios y eliminen los estereotipos y pongan en valor la imagen y la reputación de los territorios más afectados por los riesgos demográficos.

CUARTO: Al mismo tiempo, actualmente se están sucediendo importantes novedades en relación con la normativa que regula el tratamiento de las centrales hidroeléctricas, y la situación que la sustenta:

A) En primer lugar, el Gobierno ha trasladado a las Cortes el primer proyecto de Ley de Cambio Climático y Transición Energética, el cual da un impulso decidido a las energías renovables, y establece que antes de mitad de siglo, el sistema eléctrico de España tiene que ser 100% renovable.

En él se contempla la repotenciación de las instalaciones, que podrán aumentar su potencia instalada hasta alcanzar la máxima que se le permite verter a la red. De esta manera, se optimiza el uso del recurso renovable de los mejores emplazamientos, minimizando costes e impacto ambiental. En esta misma línea, el proyecto prioriza las centrales hidroeléctricas reversibles en el caso de nuevas concesiones para producir electricidad en dominio público hidráulico.

Asimismo, el Marco Estratégico de Energía y Clima sienta las bases para la modernización de la economía española, la creación de empleo, el posicionamiento de liderazgo de España en las energías y tecnologías limpias que dominarán la próxima década, el desarrollo del medio rural, la mejora de la salud de las personas y el medio ambiente, y la justicia social.

El Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030 es una de sus herramientas fundamentales y para su completa materialización precisa de estrategias específicas, que permitan identificar correctamente los retos y oportunidades, así como diseñar las medidas más adecuadas en tecnologías y vectores clave para la consecución de los objetivos en materia de energía y clima, así como aprovechar las oportunidades de generación de actividad

económica, empleo y desarrollo industrial competitivo que puede suponer la transición energética.

En el Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030, la "Medida 1 2. Gestión de la demanda, almacenamiento y flexibilidad" analiza la necesidad de desarrollar distintas medidas para conciliar la progresiva penetración de las energías renovables en la generación eléctrica y los cambios de comportamiento en la demanda.

B) En relación al cambio climático, es fundamental también la situación avalada ya científicamente sin lugar a dudas, en cuanto al descenso de los recursos hídricos superficiales debido a la conjunción de factores de menor pluviometría, ascenso de temperaturas, y aumento de las masas forestales en amplios territorios antes dedicados a la agricultura y la ganadería.

C) Por otra parte, se están empezando a producir en nuestro territorio, la extinción de los derechos concesionales, otorgados en su día, al aprovechamiento de las aguas para generar energía hidroeléctrica.

Hay que recordar que las inversiones realizadas en aprovechamientos hidroeléctricos durante el pasado siglo responden, salvando algunas particularidades, al modelo inversión – concesión de aguas, de tal forma que a cambio de las inversiones necesarias para la construcción de los distintos saltos hidroeléctricos, se otorgaba a los promotores una concesión de aguas con una duración mínima de 75 años, sujeta a la condición de que al finalizar el plazo las instalaciones revertirían al Estado.

Esta particularidad de la producción de la energía hidroeléctrica le confiere un doble carácter esencialmente público cuando se ha extinguido la concesión, ya que el origen de la energía está en el agua, que es un bien de dominio público, y en que las instalaciones tienen como fin último la reversión al patrimonio público de la Administración. Vigente la concesión, salvo los aprovechamientos de pie de presa o en canales del Estado, el aprovechamiento es una instalación o unidad de producción privada, aunque su titular, en cuanto concesionario para el uso privativo y ocupación de bienes de dominio público responda ante la Administración del cumplimiento de un conjunto de condiciones.

QUINTO: En este contexto, la experiencia en cuanto a las primeras concesiones hidroeléctricas caducadas en el Pirineo, nos habla de una serie de disfunciones en el proceso de reversión, con una enorme relevancia para las amplias zonas rurales afectadas:

. En cuanto a los procedimientos de tramitación de la caducidad de las concesiones, se han dado disfunciones que implican de facto que el concesionario siga obteniendo cuantiosos beneficios de los saltos hidroeléctricos más allá del plazo que le otorga la concesión, como ha sido el caso de la extinción de Lafortunada Cinqueta, por lo que los procedimientos deberían tramitarse con anticipación y puntualmente.

. En cuanto a las instalaciones de los aprovechamientos hidroeléctricos que se sitúan fuera del dominio público hidráulico, normalmente en montes de utilidad pública de titularidad municipal, con ocasión de la reversión al Patrimonio del Estado de las instalaciones de generación, se debería llevar a cabo la revisión de los títulos de ocupación de los montes de titularidad municipal a fin de establecer una actualización de sus condiciones conforme a la legislación vigente en materia de montes, inclusive el canon por ese tipo de ocupación.

. En cuanto a las afecciones económicas a los pequeños ayuntamientos donde se produce la caducidad de las concesiones y su reversión al Estado, al dejar de recaudar estos Ayuntamientos el IAE (Impuesto sobre Actividades Económicas), por estar exentas del mismo las Administraciones Públicas, se deberían establecer las medidas oportunas con carácter inmediato, para que los territorios cedentes no pierdan su escaso nivel de ingresos

generado por este tipo de actividades, ingresos fundamentales para estos pequeños municipios, y que viene a agravar todavía más los problemas territoriales y demográficos que ya padecen.

SEXTO: Se hace necesario una reflexión sobre el "día después": una vez decretada la caducidad de las concesiones, en el momento actual, las Confederaciones Hidrográficas recuperan los derechos, y al respecto cualquier decisión que se tome deberá tener en cuenta al territorio tanto en cuanto es origen de la riqueza generada y, por ello, debe recuperar de una forma u otra parte de la misma.

SÉPTIMO: Se trata en definitiva de una "página en blanco": Antes de escribirla, las entidades que suscriben este Manifiesto queremos hacer conscientes a la sociedad y a los poderes públicos, de la oportunidad que tenemos para aprovechar este momento, afrontando una serie de medidas legislativas que permitan dar solución a toda la problemática descrita en el mismo:

- . A las exigencias medioambientales en materia de aguas, derivadas de la Directiva 2000/60/CE marco de Aguas, y de los costes ambientales y de recurso causadas por la construcción de estas infraestructuras, que no fueron tomados en consideración cuando se construyeron.

- . La sujeción del aprovechamiento de las aguas y protección de las masas de agua afectadas a la Directiva Marco de Aguas, que exige trasladar a los usuarios los costes ambientales y del recurso.

- . A la necesaria compensación de estos territorios por los servicios ambientales que prestan al sistema y a la sociedad, y que son fundamentales para garantizar la disponibilidad de recursos hídricos de calidad y de energía hidroeléctrica, apoyándolos para emprender acciones para su desarrollo socioeconómico, que irán, asimismo, en beneficio de la biodiversidad y la disponibilidad de recursos hídricos, mermados por el abandono de estos territorios y de sus actividades tradicionales, unidos a los factores diferenciales introducidos por el cambio climático.

- . A la deuda histórica existente para con estas zonas rurales, aquejadas de gravísimos problemas de despoblación, asociados a la falta de servicios y ausencia de recursos financieros, y que requieren de políticas públicas que permitan dar sentido y valor a la ubicación de la población con un modo de vida digno y con perspectivas de futuro para sus habitantes. Todo ello, a través del apoyo a estas comunidades locales mediante la recuperación de los costes de los recursos hídricos que hasta ahora han beneficiado preferentemente a determinados sectores y, al fin, a toda la sociedad y la riqueza nacional, sin que hayan tenido repercusión significativa en los territorios donde se generaban.

- . A la lucha contra la despoblación, al poder utilizar una fuente de financiación real procedente de la generación hidroeléctrica, para la adopción de medidas en apoyo a la Estrategia Nacional frente al Reto Demográfico en estos territorios.

- . A la garantía de la financiación de estas comunidades locales a través del ingreso de los impuestos que legalmente deberían corresponder a sus Ayuntamientos por la actividad económica de generación hidroeléctrica, sea quien sea el titular de dicha actividad.

Para compaginar estos intereses y hacer efectivas estas oportunidades, es necesario el diseño de una política general de ámbito territorial en relación con los beneficios que genera un bien de dominio público como es el agua, en relación con los aprovechamientos hidroeléctricos.

Y se hace preciso dotarla de una regulación que establezca un marco jurídico estable y seguro.

La actual legislación sectorial de aguas, aunque contempla el procedimiento para la extinción de las concesiones, cuando fue concebida en los años 80 no se planteó ni reguló la situación posterior al vencimiento del plazo. Las previsiones relativas a la extinción y concurso posterior han sido introducidas en reformas puntuales, que no abordan la cuestión de forma integral.

Las afecciones originadas por estas instalaciones se mantienen a lo largo de su vida útil, ya sea afección paisajística, alteración de la conectividad fluvial, ruidos, etc. Por tanto, la decisión de continuación con el aprovechamiento como consecuencia de los principios incluidos en las estrategias de transición energética que promueven la generación de energía renovable, no puede ser adoptada sin considerar la existencia de cargas que merecen ser compensadas de alguna manera.

Finalmente se deben tener muy en cuenta una de las conclusiones del documento de las Directrices Generales de la Estrategia Nacional frente al Reto Demográfico, "no se pueden conseguir los objetivos de desarrollo sostenible sino hay cohesión territorial". Y para que exista el deseado reequilibrio territorial es necesaria, la regulación de actividades económicas como el que nos ocupa en el ámbito rural de nuestro país.

Por todo ello, las Diputaciones Provinciales aquí representadas, la Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con centrales hidroeléctricas y embalses, la Associació de Municipis afectats per centrals hidroelèctriques de Lleida, la Asociación de Entidades Locales del Pirineo Aragonés (ADELPA), la Asociación Española de Municipios de Montaña, se adhieren al siguiente manifiesto que apela a:

**Primero.-** Instar al Gobierno y la Administración General del Estado a que en el desarrollo normativo promueva, reconozca y contemple la singularidad de los territorios afectados por centrales hidroeléctricas y embalses, compensar estas "zonas cedentes " y reconocer la capacidad institucional de gestión del propio territorio.

**Segundo.-** Reclamar a las diferentes Confederaciones Hidrográficas del territorio nacional una mayor transparencia e información activa de carácter genérico hacia las organizaciones representativas de los intereses de los territorios cedentes en los procesos de extinción de centrales.

**Tercero.-** Instar al Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico y a las Confederaciones Hidrográficas, organismos que son dependientes, para que hagan efectiva la resolución de las concesiones administrativas de los aprovechamientos de las centrales hidroeléctricas que hayan excedido los 75 años, tramitando los expedientes de reversión sin retrasos y sin caducidades de expedientes, recuperando la gestión pública y modificando las disposiciones legales pertinentes para garantizar simultáneamente un instrumento que asegure la tributación municipal y la reversión de beneficios a los Ayuntamientos y EMD, al menos, en la misma proporción que los convenios actuales vigentes.

**Cuarto.-** Instar al Gobierno que en el nuevo modelo de gestión y explotación de las infraestructuras hidroeléctricas que se implanten con motivo de la caducidad y extinción del período concesional, mediante la modificación legal pertinente en la Ley de Haciendas Locales, garantice en todo momento la continuidad y efectividad de la tributación municipal para este tipo de actividades económicas, impuestos consolidados hace años, a sea Impuesto de Bienes Inmuebles - BICES, Impuesto de Actividades Económicas, otras tasas y cánones con escrupuloso respeto a los diferentes convenios que en su día las empresas concesionarias establecieron con Ayuntamientos afectados de nuestras comarcas.

**Quinto.-** Que se establezca un marco jurídico estable y seguro que permita tras la caducidad de las concesiones, el mantenimiento de la explotación de las centrales de producción de energía respetando los derechos de los propietarios –generalmente municipios- sobre sus bienes afectados por las instalaciones hidroeléctricas.

**Sexto.-** Que los saltos hidroeléctricos revertidos deban adaptarse en cuanto a su futura explotación, a lo establecido en los planes hidrológicos y la Directiva Marco europea en materia de Agua.

**Séptimo.-** Promover la reforma legal pertinente para que se dé voz y audiencia a las comarcas, consejos comarcales, ayuntamientos y emds del territorio, así como instituciones de diferentes ámbitos y agentes sociales y económicos del mismo, en este proceso que surgirá con una nueva planificación energética del país, con el fin de llegar con el deseado consenso de todos los agentes implicados en la transición hacia el nuevo modelo de gestión de producción de energía hidroeléctrica, con el uso responsable de los recursos naturales de nuestro territorio, y el establecimiento de un nuevo marco de competencias compartidas y de responsabilidad ecológica y ambiental, permitiendo en todo momento el deseado desarrollo sostenible de nuestras comarcas.

**Octavo.-** Promover a nivel de las Administraciones locales, provinciales y estatales, así como, de la Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con centrales Hidroeléctricas y embalses, la Associació de Municipis afectats per centrals hidroelèctriques de Lleida, ADELPA, esMontañas y otras asociaciones de carácter municipalista, la necesidad de que se regule por Ley la participación de los territorios afectados por infraestructuras hidráulicas en cuanto a la caducidad de las concesiones en los siguientes supuestos:

a. La petición para que parte de la recaudación del canon del 112 bis del Texto Refundido de la Ley de Aguas vaya destinada específicamente a restaurar los efectos del aprovechamiento hidroeléctrico en las masas de agua y dominio público hidráulico.

b. En el caso de caducidad de concesiones y que se explote nuevamente mediante el modelo concesional, debe tenerse en cuenta un hecho diferencial: el modelo inversión-concesión seguido durante el siglo pasado, ya no se adapta a los saltos revertidos, pues las inversiones ya están realizadas y no existe por lo tanto una inversión amortizable a cambio del plazo de explotación de la concesión, como era el caso en las concesiones iniciales. Con lo cual, los posibles márgenes de reserva de energía o participación en beneficios, pueden ser muy superiores a los contemplados en las concesiones del Siglo XX.

Asimismo, deberá destinarse un porcentaje de dicha reserva de energía o beneficios de la central hidroeléctrica, al territorio afectado por los aprovechamientos hidroeléctricos, con las finalidades contempladas en la parte expositiva del presente Manifiesto, y especialmente conforme al expositivo SÉPTIMO.

Al respecto, en el caso de que la Administración opte por la vía de iniciar un nuevo procedimiento concesional para la explotación del aprovechamiento revertido, que se produzca una previsión legal que exija a la administración hidráulica que, en el proceso de elaboración de los pliegos de condiciones de esos nuevos expedientes, valore la inclusión de condiciones que restituyan la afección.

c. En el supuesto que la central sea explotada de forma indirecta mediante sociedad público/privada, o bien mediante forma directa por la Administración, también se deberá tener en cuenta lo señalado en el punto anterior sobre la ausencia de amortización de grandes inversiones, por lo que los beneficios que se obtengan deberían revertir equitativamente al territorio afectado, con las finalidades contempladas en la parte expositiva del presente Manifiesto, y especialmente en el expositivo SÉPTIMO.

d. Que en todo caso se mantengan y se lleven a cabo los planes de restitución recogidos en la Ley de Aguas, siempre que se ejecuten obras de construcción, modificación o ampliación sobre las infraestructuras hidráulicas.

**Noveno.-** Exigir que a estos territorios afectados por embalses y centrales hidroeléctricas, en su mayoría zonas rurales y de montaña, en clara regresión, les sean atendidas sus reivindicaciones, con el fin que tengan servicios, recursos y oportunidades comparables al medio urbano, en la lucha contra la despoblación, envejecimiento y efectos de la población flotante, objetivos marcados en la Estrategia Nacional frente al Reto Demográfico.

### **7º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021 DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021.**

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que se ben manifestara na comisión o voto favorable, o voto finalmente vai ser a abstención, xa que visto o expediente do informe da intervención dedúcese que o orzamento do consorcio non cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e non aprobou o plan económico financeiro para corruxilo.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que este consorcio xurdido hai uns oito anos, reúne a uns oito concellos da comarca de Valdeorras, sendo o concello do Barco o único que delegou o ciclo integral da auga, xa que os outros concellos só delegaron a depuración. Engade que a finais do ano 2020 púxose en dúbida incluso a continuidade do consorcio, e que agora parece que existe consenso en que continúe. Aproveita para felicitar ao servizo de medio ambiente da Deputación polos informes realizados para actualizar as tarifas e servizos deste organismo. Remata sinalando o voto favorable do seu grupo.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza advertindo que o informe de intervención se refire ao exercicio 2020 e anteriores, e que esa cuestión se soluciona precisamente co orzamento presentado. Seguidamente indica que se trata dun instrumento único e necesario para a prestación dos servizos do ciclo da auga e que esta Deputación, como entidade á que está adscrita o consorcio, achegará por fortalecelo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (9) e da deputada non adscrita, e a abstención de DO (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2021, conforme co proxecto aprobado pola Asemblea do Consorcio o 27 de xaneiro de 2021, por importe de 1.311.775,00 €, co seguinte resumo por capítulos:

<b>Estado de gastos</b>		
Capítulo 1	Gastos de persoal	382.931,55 €
Capítulo 2	Gastos bens correntes e servizos	928.493,45 €
Capítulo 3	Gastos financeiros	350,00 €
<b>Total gastos</b>		<b>1.311.775,00 €</b>

<b>Estado de ingresos</b>		
Capítulo 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.311.775,00 €
<b>Total gastos</b>		<b>1.311.775,00 €</b>

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2021.

**8º.- CAMBIO DE TITULARIDADE A FAVOR DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL OU-CASTADÓN E SAN MIGUEL DO CAMPO**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que respectando a autonomía e decisión municipal, votarán a favor desta proposta.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Maniféstase no mesmo sentido, argumentando que ese treito poderá ser empregado polo concello para aquilo que estime máis oportuno.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello do Pereiro de Aguiar (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

DENOMINACIÓN	P.Q. INICIAL	P.Q. FINAL	LONXITUDE	ANCHURA	FIRME	TIPOLOXÍA	FUNCIÓN
Sobrante OU-0507 entre p.q.0+980 e p.q.1+040, marxe dereita	0+000	0+072	72 M	5 M	Macadam+ triple rega	Convencional	Local

**Segundo:** De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as administracións intervinientes.

**Terceiro:** Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo.

### **9º.- MODIFICACIÓN DO CATÁLOGO DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE Á DATA 31.12.2020.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que se trata dun documento técnico, parecéndolle salientable o feito de que se modifique o bordo da liña de edificación en case toda a rede de estradas que pasa de 15 a 7 metros. Aproveita para reivindicar máis fondos para o mantemento da rede provincial de estradas.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Incide igualmente no efecto que ten sobre a liña de edificación. Sobre a rede de estradas provincial lembra que este é un dos fins históricos das deputacións, debéndose seguir en canto a investimentos os criterios da DGT.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Manífestase a favor deste punto, aproveitando para solicitar que as intervencións que se fagan na rede provincial de estradas sexan atendendo a criterios obxectivos e coñecidos, xa que existen obras urxentes pendentes de executar, e que se doten de máis fondos no orzamento provincial.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Incide en que se trata dun documento técnico, que recolle os cambios de titularidade tramitados dende a anterior modificación, e a nova categorización prevista na Lei de estradas de Galicia. Así as estradas da rede local modifican a liña de edificación con respecto ao bordo da calzada como xa se dixo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a MODIFICACIÓN DO CATÁLOGO DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE Á DATA 31.12.2020, conforme co documento técnico elaborado polo Servizo de Vías e Obras, que consta no expediente electrónico núm. 2020/28733E.

O dito documento está a disposición pública na sede electrónica da Deputación Provincial mediante o código seguro de verificación 13533435224046237061.

2º.- Comunicarlle este acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para os efectos previstos no artigo 21.4 do Regulamento da Lei de estradas de Galicia.

3º.- Ordenar a publicación do presente acordo no BOP e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial.

**10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O INCREMENTO PARA O PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E COA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EJERCICIO 2021**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que esta moción, necesaria en circunstancias normais, se torna case imprescindible e de xustiza social para moitas familias nesta situación de pandemia. Neste sentido indica que a maior parte dos concellos carecen de fondos para facerlle fronte a esta situación extraordinaria, e que a Deputación cos seus recursos ordinarios e co importante remanente de exercicios anteriores, debe acudir ao rescate dos concellos e das familias. Por esa razón pídese unha dotación extraordinaria de 20.000 € por concello e para a ELM de Berán, tal e como xa se fixo no ano 2020 e en circunstancias moi similares ou incluso mellores ás actuais, xa que as condicións socioeconómicas neste ano son peores. Por último lembra que na provincia hai máis de 20.000 parados e paradas e que a porcentaxe subiu un 12 por cento no último ano. As proposta de acordo son, polo tanto, instar á DPO a que modifique as bases do programa de cooperación en materia de empregabilidade para o exercicio de 2021 nos termos xa expostos.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Anuncia que votará en contra desta moción. Explica que ela, desde a oposición, está aberta a negociar co grupo de goberno, e que entende que non todos os concellos lle trasladaron a necesidade deste programa, senón máis ben de executar obras ou atender outras necesidades. Remata indicando que hai que escoitar aos concellos, e que en todo caso está aberta a negociar os plans provincias e os programas de

cooperación en xeral co grupo de goberno, entendendo que ese será o momento de introducir cambios que beneficien á nosa provincia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica entender a proposta do grupo socialista, se ben tanto o grupo do BNG como o propio grupo socialista se teñen amosado en contra dos criterios de reparto dos diferentes programas e plans provinciais. Engade que o plan de empregabilidade desta Deputación é moi limitado se o comparamos cos doutras Deputacións, e que o sistema de reparto lle parece totalmente arbitrario, xa que hai concellos con menos de vinte persoas desempregadas e concellos con máis de 1.000 persoas desempregadas que recibirían os mesmos importes. Polas razóns expostas sinala que votará abstención nesta moción, por entender que deberían modificarse os criterios de reparto.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza sinalando como a pandemia golpeou a moitos concellos e a moitos sectores laborais relacionados co turismo e coa hostalería. Entende que nesta situación todas as axudas son benvidas pero que o criterio de reparto lle parece bastante arbitrario xa que consiste simplemente en duplicar a cantidade prevista inicialmente, botando de menos un estudo que analice cal sería esa cantidade a destinar a este programa. Ademais do anterior, sinala que a moción tampouco indica de que partidas do orzamento se baixarían os créditos para dotar a proposta da moción. Polas razóns expostas indica que se van a abster na votación deste punto.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que desde o minuto un da pandemia o goberno provincial adoptou todas as iniciativas que tiña ao seu alcance para paliar os seus efectos, entre elas a ampliación do referido plan de empregabilidade, que no ano 2020 viu incrementada a súa contía ata 40.000,00 euros, dada a situación de excepcionalidade. Certo é que pandemia aínda non rematou, e que as AAPP teñan que seguir achegando solucións, lembrando as modificacións do plan provincial para permitir os gastos correntes. A continuación pasa a enumerar algunhas das iniciativas postas en marcha para loitar contra os seus efectos e a súa dotación económica. Por último, e polos motivos expostos, indica que votarán en contra desta moción que cualifica de oportunista.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza explicando que hai un ano tanto os membros do grupo popular como de DO, votaron a favor dunha proposta idéntica e en condicións non peores ás de agora. Engade que lle sorprende a postura do BNG, xa que sempre mantiveron a postura favorable a introducir criterios de reparto obxectivos pero neste caso e dada a excepcionalidade e a urxencia da situación optouse por unha formulación

similar á do pasado exercicio. Respecto á postura da deputada non adscrita, indícalle que non é defendible baixo ningún concepto que unha axuda como esta non é necesaria, indicando que a única explicación posible é que a citada deputada agora mesmo está cativa pola súa situación política e suxeita a unhas directrices. Remata lembrando que se trata dunha moción totalmente aséptica e que o único que busca é axudar a preto de duascenas familias. Por último amosa o exemplo do plan de emprego da Deputación de Pontevedra, que vai permitir moitísimas contratacións laborais e amosa a súa decepción pola postura dos restantes grupos políticos.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala que ela en ningún momento dixo que non existían problemas de emprego na provincia, senón que o que se lle trasladou desde moitos concellos é que este tema, para moitos, non é unha prioridade. Engade que ela está para dar estabilidade ao goberno provincial, e que eles deberían respectar este tipo de decisións persoais, pedindo o mesmo respecto que cando o grupo socialista vota en contra doutras iniciativas políticas.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que as posturas do grupo socialista e do grupo do BNG levan sido coincidentes neste tipo de programas, con maiores recursos e con criterios obxectivos de reparto, e que o que está a mudar de postura é o grupo socialista, o grupo do BNG está na mesma postura. Sobre a intervención do grupo popular manifesta que parece que nesta Deputación todo son bondades, cando máis ben as axudas aos concellos son pírricas. Remata indicando que a súa postura é a mesma que todos estes anos, e que os concellos son as auténticas entidades esquecidas durante esta pandemia, e que tanto o Estado, como a Xunta como a Deputación deberan dotar de maiores fondos a estes para loitar contra a pandemia.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala na súa intervención que no último ano mudaron moitas cousas e que a votación do plan de empregabilidade de hai un ano non é unha referencia axeitada. Engade que a moción podería limitarse a reclamar unha maior dotación de fondos, e que neste sentido a van a interpretar para poder apoiala e votar a favor dela, xa que en todo caso supón maiores fondos para os concellos.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención dicindo que o exemplo da Deputación de Pontevedra non é a máis acaída, dada a diferenza existente entre os orzamentos de ambas institucións. Lembra seguidamente que os orzamentos xerais do Estado tanto no ano 2020 como no 2021, non admitiron ningunha das emendas da FEMP, e

que o Goberno central non preveu ningunha axuda adicional para concellos e deputacións, como parece que tamén vai facer cos fondos europeos next generation. Chámalle a atención que o grupo socialista non apoiara o incremento deste plan no ano 2020 e agora no ano 2021 veñan con esta moción. Remata sinalando que o grupo socialista faría mellor en pedir internamente no seu propio partido que se doten de fondos aos concellos por parte do goberno central e por último instaos a que retiren o vergoñento recurso presentado contra as axudas a autónomos da Deputación.

- quenda de peche de Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza lembrándolle ao grupo de goberno, cuxo presidente forma parte da xunta de goberno da FEMP, que esta asociación fixo unha declaración a favor da autonomía financeira dos concellos, a cal se leva reclamando polo grupo socialista nesta provincia e no reparto de fondos da Deputación aos concellos. Por último invita a todos os representantes dos grupos de goberno municipais que hai neste pleno para que algún manifeste se o seu concello non precisa dunha axuda para a empregabilidade como a que formula esta moción.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e de DO (2), o voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita, e a abstención do BNG (1).

### **11º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE RETO DEMOGRÁFICO E DEFENSA DUNS SERVIZOS FERROVIARIOS PÚBLICOS, DIGNOS E DE CALIDADE**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentaron emendas o Grupo Socialista e o Grupo Popular, así como unha do BNG que xa se incluíu no seu texto, e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención facendo un breve resumo histórico, dende o ano 2005, sobre a entrada do AVE na cidade de Ourense. Lembra como o programa electoral do partido popular nas eleccións municipais de 2011, no que o deputado provincial Rosendo Fernández era o candidato á alcaldía, levaba o soterramento da entrada do AVE na cidade. Co goberno de Rajoy, xa non se recoñece o

compromiso de entrada na cidade pola variante este, e mentres o BNG segue a presentar alegacións ao proxecto en trámite. O pasado mes de febreiro o BOE publicaba o anuncio de aprobación definitiva do estudo informativo na nova estación Intermodal de Ourense polo Ministerio de Transporte e Mobilidade, e faise constar que a solución definitiva é a do proxecto de Rajoy que tanto rexeitamento social ten nesta cidade. Os servizos ferroviarios en Galicia están a ser desmantelados, cun modelo que non prima a conexión interna entre cidades e vilas do país, senón que se basea nun modelo centralista que só busca a conexión coa meseta. Lembra como o Goberno central aproveitou a COVID-19 para eliminar liñas, modificar horarios e empeorar os servizos ferroviarios do país. Engade que este desmantelamento leva consigo a do cadro do persoal de maquinistas, moi escaso na provincia. Por último pasa a dar lectura ás propostas de acordo da moción, lembrando como os representantes dos partidos socialista e popular en Madrid están a esquecer os compromisos co noso país.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza a súa intervención para sinalar que pese a tentalo non conseguiu chegar a un acordo co representante do BNG, ao que lle suxeriu a votación por puntos, xa que está de acordo con determinados puntos da moción pero non con outros. Indica que logo de dialogar co grupo de goberno a súa postura sobre esta cuestión se recolle na emenda de modificación do grupo popular.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza sinalando que a moción presentada son realmente seis mocións disfrazadas, e que entre moitas das propostas de acordo non existe ningunha relación causa-efecto. Esta cuestión ademais agrávase porque non se acepta a votación por puntos e que a xunta de voceiros e a Presidencia á hora de conformar a orde do día debería ter coidado con estas cuestións.

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que o asunto do AVE nesta provincia e nesta cidade ven sendo unha cuestión de loita do partido socialista, e que a postura mantida ao longo destes anos é diametralmente oposta á do partido popular. Sobre a moción sinala que se lle acepta a emenda de engádega presentada polo grupo socialista votarían a favor da moción, a pesar de ter discrepancias cos puntos un e dous. Lembra que é público e notorio que todos os representantes do partido socialista, no concello, na deputación, en Madrid e en Santiago están loitando por mudar a situación, a pesar das dificultades que supón o proxecto da Intermodal do *cambiaz*o do partido popular. Engade estar de acordo coa demanda da moción de que se precisan máis maquinistas, en especial

nesta provincia, se ben matiza que o sindicato maioritario de RENFE chegou a un acordo o día doce para suspender a folga prevista para febreiro e marzo, porque o goberno socialista é sensible a chegar a un acordo canto antes. Remata indicando que a súa emenda de engádega mellora a moción, e que agarda que sexan aceptadas polo grupo propoñente do BNG.

- 1ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Comeza sinalando que o grupo socialista chega tarde con esta moción, a cal xa foi debatida no pleno do concello de Ourense. Comeza recriminándolle ao BNG que é o seu partido o que apoia ao goberno socialista de Madrid. Comeza o relato dos antecedentes, e nos que indica que teñen estado implicados moitos gobernos e de diferentes cores. Engade que a débeda con Ourense é de preto de 700 millóns de euros, que é a cantidade das obras da variante exterior e da estación Intermodal. Respecto da variante exterior precisa que no ano 2007 os tres grupos (PSOE, BNG e PP) tiñan decidido a entrada do AVE na cidade polo trazado actual, cuestión aceptada polo goberno central e polo autonómico. Engade que a clave de todo isto foi precisamente nese ano 2007, onde grazas ao papel clave xogado polos empresarios de Ourense, se rectificou esa decisión, pedíndose una trazado alternativo: a variante exterior (BOE de 27.09.2009). Máis de doce anos despois, o pasado mes de decembro de 2020, o ministro Ábalos ven de anunciar que os primeiros dous proxectos desta obra poderían ser licitados proximamente. Respecto da estación Intermodal, a cal nin foi citada polo ministro Ábalos, sinala que no ano 2015 e grazas ao diálogo entre o goberno popular no concello de Ourense e o goberno central en Madrid, asinouse no mes de xuño o convenio marco de desenvolvemento da estación Intermodal e integración urbana do AVE en Ourense. No ano 2017 ADIF presentou o proxecto da nova estación Intermodal e, no ano 2018, o ministro Ábalos ven de confirmar o cronograma previsto, dándolle o seu beneplácito. Mentres, o partido socialista de Ourense, debería reclamar que ADIF licite dunha vez a variante exterior entre Ourense e Taboadela, así como reclamar o inicio das obras da estación Intermodal que leva o selo de Norman Foster. O partido socialista só busca enganar e confundir á cidadanía con falsas polémicas, e por en risco o proxecto máis importante do século XXI nesta cidade. Remata indicando que é o momento de pensar no futuro estratéxico da cidade e da provincia, e Ourense non pode perder máis tempo.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda comeza lamentando que a deputada non adscrita non apoie esta moción, agora que é libre nas súas decisións, e se manteña na solución “cutre” que formula o grupo de goberno na súa emenda. Matiza que esta

moción ten un só corpo, e que lle sorprende a proposta do grupo de DO de limitar o número de puntos das mocións, cando xa teñen limitado o número de mocións que poden presentar. Respecto ao fondo do debate, indica que o mesmo está moi claro, e que a cuestión é se á corporación lle vale o proxecto aprobado, afirmando que ao BNG non lle vale. Respecto á postura do grupo socialista, pregunta cal é, lembrando que este proxecto foi aprobado polo actual goberno e polo actual ministro Ábalos, polo que parece que cando foron a Madrid non lles fixeron moito caso. Engade que nos orzamentos xerais do estado para o exercicio de 2021 o BNG introduciu unha emenda para esta infraestrutura, sendo rexeitada polo goberno socialista de Madrid. Respecto á emenda de engádega do grupo socialista manifesta que aceptaría os dous primeiros puntos dela, pero non o terceiro, xa que este ven pedir que se manteña a actual velocidade na tramitación, entendendo que esta é francamente mellorable. Sobre a emenda do grupo popular indica que solicita manter todo como saíu publicado no BOE, polo que non ve onde está o problema en apoiar esta moción, clave para os intereses do país e da provincia. Engade que o problema da situación actual é deixarlle aos nosos fillos e fillas e aos fillos deles unha estación e unha entrada do AVE en Ourense que non ten pés nin cabeza, pedíndolle que non se deixen decidir polos seus respectivos partidos en Madrid e que debemos ser nós os que decidamos sobre esta cuestión tan transcendente para a cidadanía de Ourense, pedíndolle a Madrid que isto hai que reconsideralo, e facelo ben, porque vai quedar para sempre.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Matiza, sobre o seu apoio á emenda do grupo de goberno, que se trata dunha emenda de modificación, que non de substitución, lembrando que intentou a votación por puntos co proponente da moción e que esta non foi aceptada. A continuación, e dirixíndose ao voceiro socialista, o acusa de ser un político intolerante e sectario e que discrimina a todo aquel que non pensa como el, preguntándolle a que se dedica realmente, a empapelar paredes, a crear perfís falsos nas RRSS para facer dano...preguntando canto tempo lle dedica realmente a traballar. Remata indicando que o mesmo apoio á estabilidade do goberno da Deputación llo dará ao goberno socialista de Xinzo de Limia se fose preciso.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza sinalando que a moción, aínda que consta de seis puntos, só se fala do importante. Engade que tanto o partido socialista como o partido popular se teñen comportado dun xeito moi similar á hora de abordar esta cuestión clave para a cidade de Ourense. O partido socialista de Ourense estase defendendo como

pode, pero desde Madrid parece que a decisión está tomada. Respecto á moción indica que seis xornais diferentes poderían sacar seis titulares distintos sobre as cuestións tan diferentes que se abordan nesta moción. Por esta razón indica que non poderá apoiala, xa que non hai coherencia nin unidade de contido. Remata sinalando que nin PSOE nin PP teñen defendido axeitadamente o proxecto da entrada do AVE e da Intermodal en Ourense, e que DO mantén unha coherencia desde o primeiro momento.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza dando lectura ao punto terceiro da súa emenda, o cal o BNG non aceptaría, e que literalmente di “...instar ao goberno de España a que continúe a cumprir os compromisos orzamentarios e de licitación da última liña de entrada do AVE a Galicia (Taboadela-Ourense empalme), así como de adaptación do vello túnel do Padornelo á alta velocidade para poder completar o treito de dobre vía da LAV Pedralva – A Gudiña e á licitación pendente Olmedo – Zamora...”, preguntando en que non está de acordo, cando o grupo socialista estaría a favor dunha moción do BNG que ten dous puntos, os primeiros, que non van a ningún lado e moi discutibles. Dirixíndose á deputada non adscrita sinala que el unicamente é intolerante coa corrupción, e que se ser boa persoa e ser educado é ser como ela, di que non quere parecerse en nada. Engade que el ten un rumbo claro na política, e non como ela, que agora o único que fai é dar estabilidade á corrupción e renunciar a un goberno lexítimo e de progreso para a provincia. A continuación pídelles que retire inmediatamente a afirmación de que el se dedica a crear perfís falsos nas RRSS, e que se deixe de inxuriar e calumniar. Sobre a intervención do voceiro do grupo popular indícalles que foi no ano 2011, cun ministro socialista, e cun goberno socialista no concello cando se fixo realidade a variante exterior. Engade que o partido socialista de Ourense ten moi claro o futuro que quere para esta cidade e que o seu compromiso vai moito máis alá do que as súas siglas lle obrigan, e que agora que por fin se vai levar á práctica a variante exterior, tamén imos loitar por unha estación Intermodal o máis digna posible, para o cal temos unha cita no Ministerio en Madrid e imos levar connosco ao presidente do colexio de arquitectos de Ourense. Por último lle pide ao grupo popular que abandone o seu costume de formular emendas de substitución e que faga boas achegas, e pídelles ao voceiro do BNG que acepte a súa emenda de engádegas.

- 2ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Comeza a súa intervención recriminando ao voceiro socialista que só empregara medio minuto en falar do realmente importante e dedicara a maior parte da súa intervención a facer descualificacións. Sobre a emenda do seu grupo,

reitera que se presenta porque o grupo proponente non aceptou a votación por puntos, e que hai puntos que son idénticos. Respecto aos puntos un e dous da moción do BNG, indica que non os poden apoiar xa que carecen manifestamente de fundamento, e o único que farían estes recursos sería demorar a chegada da infraestrutura. No resto da emenda o que piden é instar ao Goberno do Estado a que cumpra cos compromisos adquiridos coa provincia de Ourense en materia ferroviaria e de integración da alta velocidade, evitando que os investimentos comprometidos, tanto na estación intermodal como na variante exterior (máis de 700 millóns de euros) sexan destinados a outras provincias de España, así como á inmediata corrección do incumprimento do plan de emprego para os anos 2020 e 2021 e o aumento de cando menos 21 prazas de maquinistas en Galicia, para garantir as condicións laborais do cadro de persoal e evitar novas supresións de servizos así como garantir a recuperación daquelas liñas suprimidas coa desculpa da Covid-19, a repor as liñas suprimidas durante a pandemia e axeitar as frecuencias ás necesidades reais de traballadores, estudantes e viaxeiros habituais, e a que a estación de mercadorías de Ourense, actualmente na Estación Empalme, sexa trasladada ao Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas. Conclúe indicando que non se está alterando a moción, senón mellorándoa. Remata a súa intervención pedíndolles a todos e a todas altura de miras, pensar no futuro de Ourense e remar todos na mesma dirección.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Dirixíndose ao voceiro de DO indica que el non trata de colar nada neste pleno, simplemente formula unhas ideas e os corporativos libremente deciden sobre elas. Sobre e emenda do grupo socialista indica que a aceptaría se se retira a expresión “...que continúe...”, porque esa idea de continuidade é a que hai que mudar, e pedir axilización. Engade que a formulación do partido socialista en Madrid é continuísta respecto do aprobado polo goberno de Rajoi, e que iso é o que hai que rachar, hai que dicir que non nos vale calquera cousa e queremos unha estación Intermodal, unha nova permeabilidade entre os barrios de Ourense e liberar espazo dotacional, tal e como se fixo en moitas outras capitalidades do Estado.

- 3ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para aceptar a proposta do BNG respecto da súa emenda, polo que se elimina a citada expresión dela, para que ambos os dous grupos apoiem a moción e a emenda de engádega, respectivamente.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a continuación a votación tanto as emendas como a moción, do seguinte xeito:

Emenda do Grupo Popular: votos a favor do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita, voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de DO (2).

Moción do BNG máis a emenda do Grupo Socialista (coa rectificación feita in voce durante o transcurso do debate): votos a favor do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita, e abstención de DO (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno do Estado a que cumpra cos compromisos adquiridos coa provincia de Ourense en materia ferroviaria e de integración da Alta Velocidade, evitando que os investimentos comprometidos, tanto na Estación Intermodal como na Variante Exterior (máis de 700 millóns de euros) sexan destinados a outras provincias de España.

2º.- Instar ao Goberno do Estado a inmediata corrección do incumprimento do plan de emprego para os anos 2020 e 2021 e o aumento de cando menos 21 prazas de maquinistas en Galicia, para garantir as condicións laborais do cadro de persoal e evitar novas supresións de servizos así como garantir a recuperación daquelas liñas suprimidas coa desculpa da Covid-19.

3º.- Instar ao Goberno do Estado a repor as liñas suprimidas durante a pandemia e axeitar as frecuencias ás necesidades reais de traballadores, estudantes e viaxeiros habituais.

4º.- Instar ao Goberno do Estado a que a estación de mercadorías de Ourense, actualmente na Estación Empalme, sexa trasladada ao Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, tal e como demandan os empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas.

### **12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO DAS MULLERES DA PROVINCIA COA CREACIÓN DO PREMIO OLIMPIA VALENCIA**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción o Grupo Popular presentou unha emenda e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o seu contido.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención lembrando os efectos da pandemia, que xa dura case un ano, e os seus efectos provocando unha crise a nivel mundial, que deixou en evidencia que a economía pode parar se a poboación non consume, e que as primeiras que deixan de consumir son as mulleres pola sinxela razón de que recaen nelas os coidados da familia, sendo estas as máis afectadas en todas as crises que ten habido ao longo da historia. A gran dimensión da actual crise sanitaria pon tamén de manifesto que están en primeira liña unha gran maioría de mulleres como médicas, enfermeiras, farmacéuticas, administrativas, auxiliares, coidadoras etcétera, así como moitas outras que noutros sectores e traballos, incluída a política, dan o mellor de si mesmas para conciliar vida laboral e familiar. Son tamén as mulleres as que se fan cargo dos traballos nos fogares en caso de confinamentos ou enfermidades, engadindo que este traballo case sempre feminizado non se ten recoñecido. Na esfera do público, a importancia e o escaso recoñecemento das mulleres e do seu traballo, camiñan da man, sen recoñecemento social, tentando xustificar o carácter non retribuído dos traballos de coidado que estas realizan. A continuación engade que a sociedade lle debe un recoñecemento expreso a todas as mulleres do noso país, e de xeito especial ás da nosa provincia, ás da sanidade e dos servizos sociais. Esta institución provincial conta con numerosos premios e distincións nos ámbitos da cultura, artístico, literario e outros, se ben non conta con ningún premio que recoñeza ou poña en valor o traballo dos colectivos ou profesionais nos que as mulleres son a inmensa maioría. Seguidamente explica que no ano 1898 nacía no concello de Baltar (Ourense), Olimpia Valencia, a primeira muller licenciada en medicina pola Universidade de Santiago de Compostela en 1925, especializada en obstetricia. A continuación explica a necesidade de dar recoñecemento e valor ao traballo das mulleres dos sectores sanitario e de servizos sociais, polo que solicitan a creación dun premio que leve o nome de Olimpia Valencia. Visto todo o anterior, propoñen nesta moción, a adopción dos seguintes acordos: instar á Deputación Provincial de Ourense á creación do Premio Olimpia Valencia, para o recoñecemento anual do labor das mulleres que destaquen na defensa da igualdade e dos seus dereitos, instar á Deputación Provincial de Ourense a conceder o primeiro premio Olimpia Valencia a todas as mulleres do ámbito da sanidade o dos servizos sociais que están na primeira liña para defendernos desta pandemia, na persoa que cada colectivo designe e instar á Deputación Provincial de Ourense a facer unha homenaxe pública de recoñecemento ás mulleres

premiadas cada ano, para darlle visibilidade ao seu labor e a súa contribución ao desenvolvemento desta provincia, en canto a situación da pandemia o permita.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza explicando que a emenda de modificación que presenta o grupo popular, foi negociada con ela, e que o seu texto foi redactado por esta deputada provincial, xa que entende que para avanzar na igualdade non se debe diferenciar, e se debe valorar por igual o traballo de mulleres, homes e entidades, xa que contra a pandemia loitaron persoas, tanto mulleres como homes. Neste senso indica que crear un premio exclusivo para mulleres sería ir cara atrás, polo que defende a emenda de modificación para recoñecer tanto o labor das persoas como das entidades que destaquen na defensa da igualdade e dos seus dereitos. Por último responde ao voceiro do grupo socialista explicando os motivos polos que non apoiou o intento da moción de censura contra o grupo de goberno, dando lectura ás mensaxes enviadas por ela ao cargo do Partido socialista que contactara con ela para a negociación.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza trasladando unha serie de datos da AEAT en relación coa fenda salarial de xénero no salario medio anual das mulleres, que no ano 2020 se cifrou en 4.527 €, que supón un 20,5 %. Engade que en Galicia esta fenda se reduciu a un ritmo do 2,6 % anual polo que este ritmo tardaríamos uns trescentos anos en conseguir a equiparación salarial entre homes e mulleres. No total de emprego destruído no país en 2020 o 77 % foi emprego feminino, cun abandono do mercado laboral das mulleres para coidado de maiores e pequenos. A realidade é que en Galicia o 87 % de coidadores de maiores e pequenos en Galicia son mulleres, o 77% de traballadores con redución de xornada para coidado de menores, son mulleres, o 91 % das persoas que acollen a excedencia por coidado de fillos son mulleres, o 71 % dos traballadores con redución de xornada para coidado de dependentes son mulleres etcétera. Todo isto ten consecuencias inmediatas no desenvolvemento persoal das mulleres. Sobre as propostas da moción coincide en que non lle parece acaído que sexa un premio exclusivo para mulleres, e engade que debería pensar esta institución cantas mulleres teñen sido declaradas fillas predilectas, adoptivas, medalla de ouro ou premiadas cos honores e distincións desta institución, matizando que non debe considerarse normal que ningunha muller teña sido galardoada con ningunha distinción provincial. Seguidamente indica que non se oporá á creación desta distinción, se ben matiza que o importante sería que os integrantes dos grupos socialista e popular demanden do

gobierno central e do autonómico políticas activas de igualdade, con acompañamento orzamentario.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sobre as proposta de acordo contidas da moción sinala que lle parece moi acaída a creación deste premio, así como que leve o nome de Olimpia Valencia, se ben manifestan tamén estar a favor da emenda de modificación do grupo popular para que se amplíe o premio a persoas ou entidades que loiten a prol da igualdade, e non só a mulleres. Engade que as mulleres do sector da sanidade son moi merecentes do premio que se propón na moción, se ben lle parece máis forzado que esta proposta se prevea na propia moción, xa que entende que antes deberían elaborarse as bases e formar un xurado que sería o encargado de facer a proposta de premiado ou premiada. Entende logo, que a moción debe dicir “propoñer” máis que “conceder”. Por último engade que isto non deixan de ser actos simbólicos, pero que a igualdade entre homes e mulleres na sociedade debe lograrse con outros cambios moito máis importantes.

- 1ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): Comeza indicando que no fondo seguramente todos os grupos estean de acordo, salvo pequenas discrepancias. Engade que o seu grupo entende que esta proposta, pola súa transcendencia, debe estar lonxe de posturas extremas e partidistas para tentar acadar o consenso. Lembra que na conmemoración do día 8 de marzo de hai un ano, esta Deputación, dentro da xornada de mulleres pioneira, dedicou un espazo precisamente a Olimpia Valencia, presentando unha conferencia e unha biografía escrita por Ana Fuentes sobre esta destacada muller. A continuación fai un breve repaso pola biografía desta muller, indicando que con isto pretende motivar a emenda presentada polo seu grupo político. Por esta razón entende que a propia Olimpia Valencia seguramente non concordase coa creación dun premio exclusivo para mulleres, xa que deba ser sen discriminación de ningún tipo, mulleres, homes ou entidades. Entende que unha proposta tan relevante non debería formularse dun xeito tan excluínate, e sen xustificación, neste contexto e nestas circunstancias. Lembra que na vida de Olimpia Valencia foron moitos homes os que a axudaron ao longo da súa vida, en primeiro lugar o seu propio pai, e outros homes como Ramón Sobrino, director do instituto de Pontevedra e moitos profesores da Facultade de Medicina, entre eles o director da súa tese doutoral. Seguidamente explica que tras conversas coa autora do libro sobre a vida de Olimpia Valencia anteriormente citado, Ana Fuentes, a cal lle pediu encarecidamente que non empregásemos o nome de Olimpia Valencia para crear un debate político, porque iso rebaixaría a importancia e transcendencia da súa figura. Remata

pedíndolle ao grupo propoñente, polos motivos expostos, que acepten a emenda de engádega presentada polo grupo popular, indicando que seguramente Olimpia Valencia aplaudiría o consenso proposto.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que a moción pretende recalcar ata a saciedade a situación das mulleres na vida diaria, e máis nestes tempos de crise e de pandemia. Engade que tal vez o grupo popular non entendeu o que significa o día 8 de marzo, o día da muller, e diríxese ao presidente dicíndolle que xa que sempre quere ser o primeiro, podía selo na creación deste premio institucional homenaxe ás mulleres da provincia. Sobre a emenda, matiza que esta desvirtúa totalmente o contido desta iniciativa política. A continuación pon en valor a data do 8 de marzo, sinalando que se trata dunha data institucionalizada a nivel mundial en prol da defensa da muller e dos seus dereitos. Insiste en que o día internacional da muller está para recoñecer a mulleres, e non a persoas, e como homenaxe a esas 123 mulleres e 23 homes que morreron na data 25.03.1911 no incendio dunha fábrica téxtil en Nova York, seguramente explotadas. Insiste en que non é o día da igualdade, é o día da muller, que continúa a ser discriminada nos tempos actuais. Indica que as mulleres necesitan mecanismos que as recoñezan nas institucións e o que contribúen ao avance da nosa sociedade, xa que non estamos a falar de igualdade, senón dun premio de mulleres e para mulleres, preguntando se é tan difícil de entender, e que o grupo popular coa súa emenda está a confundir igualdade con feminismo. Seguidamente indica que o grupo popular non se sente cómodo defendendo ás mulleres e os seus dereitos, que quere facer un recoñecemento nun mundo de iguais, cando cada día queda máis patente a desigualdade real.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza indicándolle á voceira socialista que ámbalas dúas se coñecen ben e ámbalas dúas son firmes defensoras dos dereitos das mulleres, matizando que as mulleres avanza apoiándose unhas ás outras e non poñéndose pedras no camiño. Lembra que Elvira Lama, a voceira socialista, pasará á historia como a primeira muller en ocupar a alcaldía de Xinzo de Limia, e lembra que ela levantou a man para votar a favor da súa elección. A igualdade non se consegue poñéndolle premios a unha muller polo mero feito de ser muller, matizando que a emenda de modificación non desvirtúa para nada o contido da moción proposta polo grupo socialista, e que esa formulación da emenda é de Montserrat Lama e non do grupo popular.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza reiterando o posicionamento do BNG explicado na súa primeira intervención, e sinala que o problema de fondo non é este

premio – manifestando que se absterá tanto na moción como na emenda – , senón a desigualdade sistémica cara á muller e que se amosa claramente en todos os recoñecementos que fai esta Deputación, preguntando porqué non existe recoñecemento ningún para as mulleres. A partir de aí indica que todos deberíamos remar en prol desa igualdade, cada un de xeito individual e como parte desta sociedade, e que se non entendemos isto é que nos falta moito por avanzar. A continuación indica que bota de menos nestas datas, preto do 8 de marzo, que se trouxera unha declaración institucional polo día da muller e que se podía ter falado na xunta de voceiros. Conclúe indicando que en temas como este deberíamos traballar todos xuntos e unidos para poder camiñar cara adiante.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza lembrando as palabras da voceira do grupo socialista, que dixo que o resto da corporación non lera a moción e non sabía que era a data do 8 de marzo, indicándolle que aquí todos sabemos o que o 8 de marzo e o que pasou nesa fábrica, pero que precisamente o texto da moción nin o refire nin o nomea en ningunha parte, e toda a intervención da voceira socialista foi precisamente sobre o 8 M. Pon como exemplo Clara Campoamor, que se concede nestas datas e que é similar ao proposto, e que vai tamén dirixido a persoas e non exclusivamente a mulleres. Insiste en que lle parece mellor aceptar a emenda do grupo popular, e explica que de non aceptarse votarán abstención na moción do grupo socialista. Por último manifesta concordar co voceiro do BNG en que se aprrobe unha declaración institucional con motivo do 8 de marzo, día da muller, propondo que se adopte a aprobada pola FEMP polo trámite de urxencia.

- 2ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): Comeza esta segunda intervención dirixíndose á voceira do grupo socialista sinalando que chega un momento en que ese discurso supremacista ten fartas a todas as mulleres, indicando que o partido socialista se cree o único con lexitimidade para ser feminista. Neste sentido matiza que moitísimas mulleres, entre elas moitas socialistas, se avergoñan do que está a pasar cada día no Ministerio da Igualdade do socio de goberno do partido socialista. Seguidamente indica que as mulleres do partido popular loitan e defenden os dereitos da muller desde a igualdade, pero nunca van optar por políticas discriminatorias. Insiste en pedir que se abandone ese discurso supremacista desde o goberno central. Por último dirixíndose ao voceiro do grupo do BNG lembra que mulleres como Victoria Prego, M.<sup>a</sup> Luz Barreiros ou María Neira como mulleres premiadas co premio Ourensanía que promove esta Deputación Provincial.

- quenda de peche Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando non estar nada de acordo coa emenda de modificación proposta por Montserrat Lama, que indica que lles dá igual o papel da muller en moitos ámbitos e fundamentalmente nesta crise. Insiste en que o día de 8 marzo de 2021 é o momento idóneo para crear este premio e para premiar a todas as mulleres do ámbito da sanidade o dos servizos sociais que están na primeira liña para defendernos desta pandemia. Engade que a FEMP, o vindeiro día 8 de marzo, vailles facer un recoñecemento ás mulleres que co seu traballo diario e constante estiveron na primeira liña desde o inicio da crise sanitaria, porque esta crise ten rostro de muller.

- quenda por alusións Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza dando lectura a un parágrafo da III addenda ao acordo sobre un código de conduta política en relación co transfuguismo nas institucións democráticas, onde se recolle que “...a los efectos del presente acuerdo se entiende por tráfugas a los y las representantes locales, autonómicos y estatales que, traicionando al sujeto político (partidos políticos, coaliciones o agrupaciones de electores) que los y las presentó a las correspondientes elecciones, hayan abandonado el mismo, hayan sido expulsados o se aparten del criterio fijado por sus órganos competentes...”. Seguidamente engade que se podería crear nesta Deputación o premio ao transfuguismo feminino Montserrat Lama Novoa, polo consenso que suscitaría.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo Grupo Popular, que obtén o voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita, o voto en contra do Grupo Socialista (9) e a abstención do BNG (1).

A continuación sométese a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), o voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita, e a abstención de DO (2) e do BNG (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense á creación do Premio Olimpia Valencia, para o recoñecemento anual do labor das persoas e/ou entidades que destaquen na defensa da igualdade e dos seus dereitos.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a conceder o primeiro premio Olimpia Valencia a todas as persoas e/ou entidades do ámbito da sanidade o dos servizos sociais que están na primeira liña para defendernos desta pandemia, na persoa que cada colectivo designe.

3º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a facer unha homenaxe pública de recoñecemento ás persoas e/ou entidades premiadas cada ano, para darlle visibilidade ao seu labor e a súa contribución ao desenvolvemento desta provincia, en canto a situación da pandemia o permita.

### **13º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-**

O Sr. presidente manifesta que tendo en conta o manifestado polo voceiro do BNG e polo voceiro de DO, se poderían adherir á manifestación da FEMP aprobada na Xunta de Goberno o 23 de febreiro, con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller 2021.

A continuación sométese a votación a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno aproba a seguinte **Declaración institucional de todos os grupos políticos da Corporación sobre o día 8 de marzo, Día Internacional da Muller 2021**

“Hai 40 anos, en 1981, nacia a Federación Española de Municipios e Provincias que viña dar voz aos 8.022 concellos que representaban a unha poboación de máis de 37.600.000 habitantes, 19.231.584, dos cales eran mulleres.

Ao longo destas catro décadas e impulsado, entre outros, polo incipiente proceso de europeización e o cambio a un sistema político que devolvía a soberanía ao pobo, España experimentou unha enorme transformación que, respecto aos dereitos das mulleres, iniciouse coa reforma do código civil e a esta seguíronlle numerosas reformas lexislativas dirixidas a garantir a igualdade entre homes e mulleres, alcanzando fitos irrenunciabes como a aprobación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia xénero e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Agora, inmersos nunha crise sanitaria e humanitaria a nivel global, observamos un impacto negativo e sen precedentes nos avances alcanzados que require dedicar esforzos a analizar non so factores epidemiolóxicos e de saúde, senón tamén económicos, psicolóxicos e sociais asociados, e previr as perdas nos logros consolidados en materia de igualdade de xénero e dereitos das mulleres.

Así, como consecuencia directa da pandemia ocasionada polo COVID-19, estamos sendo testemuñas, por un lado, de como a difícil situación económica está tendo graves consecuencias no mercado de traballo aumentando en maior porcentaxe a taxa de paro das mulleres e ampliando a diferenza de xénero; e por outro, do aumento do traballo de coidado non remunerado –tanto de menores, polo peche de clases e de actividades extraescolares como de persoas maiores, persoas enfermas e dependentes-, o que profunda as desigualdades de xénero xa existentes, tal e como se viña alertando nos distintos estudos e informes do uso do tempo.

No 40 aniversario da FEMP e tal e como se veu facendo cada ano, os gobernos locais renovamos o noso compromiso coa defensa e protección dos valores de igualdade recoñecidos pola Constitución e alertamos sobre o perigo de retroceder nos avances alcanzados.

Por todo isto, os gobernos locais, reunidos na FEMP:

. Invitamos a todas as entidades locais a adherirse a esta Declaración e facemos nosas todas as manifestacións que reclaman igualdade de dereitos e responsabilidades para homes e mulleres.

. Recoñecemos o impacto negativo que a pandemia está ocasionando nos dereitos das mulleres e alertamos sobre as consecuencias que este retroceso suporá para as xeracións futuras.

. Recomendamos o impulso da participación de mulleres en postos de liderado e a necesidade de visibilizar a súa contribución esencial para a resiliencia e a recuperación.

. Recoñecemos que o traballo de coidado non remunerado é un pilar fundamental da resposta á pandemia e como tal, debe ser visibilizado e valorado.

. Insistimos na necesidade de intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego e o emprendemento, a educación para a igualdade de oportunidades, a incorporación das mulleres á sociedade da información e o apoio ás mulleres que viven no ámbito rural.

. Reclamamos a necesidade de dotar ás entidades locais dos medios necesarios para levar a cabo as competencias outorgadas na Lei reguladora das bases do réxime local para garantir o impulso de actuacións que contribúan á convivencia, o progreso e o desenvolvemento social e económico sostible”.

#### **14º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de xaneiro de 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

**15º.- ROGOS E PREGUNTAS:** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G PSOE): Pregunta sobre o proxecto de acondicionamento e reforzo do firme no acceso a Seadur desde a N-120 (expediente núm. 142/16/2019 no concello de Larouco), e sobre a resolución de desistencia dese expediente motivado polo informe evacuado pola intervención, pregunta se non eran xa coñecedores da normativa que impedía traspasar o crédito ao exercicio 2021, e se se volverá iniciar este mesmo expediente no presente exercicio.

A Presidencia pasa a dar lectura ao informe elaborado pola xefa de sección de contratación da Deputación no que se sinala que en data 11.02.2020 se asinou o convenio entre esta Deputación e o concello de Larouco segundo o cal a contratación da obra será por conta da Deputación, comprometéndose o concello a remitir o proxecto técnico, á posta a disposición dos terreos e a obter as autorizacións sectoriais que sexan precisas. Neste sentido indícase que a derradeira documentación presentada polo concello tivo entrada o 7 de setembro de 2020, acordándose na xunta de goberno de data 14 de setembro a subvención da referida subvención ao concello. Seguidamente tiveron lugar as actuacións preparatorias e a aprobación do expediente de contratación, tendo lugar a publicación da licitación na PCSP na data 01.10.2020. Na data 03.12.2020 a Mesa formulou proposta de adxudicación a favor da empresa coa oferta economicamente máis vantaxosa, se ben unha vez realizado o informe da intervención onde se recollía a imposibilidade de traspasar o crédito ao exercicio 2021, ditouse a resolución de desistencia no referido expediente de contratación.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Fai un rogo en relación cunha moción tratada nun pleno anterior e que volveu estar de actualidade nesta semana, que é o tema do doutor Castrillo, o xinecólogo de Verín que estivo á fronte na loita contra o peche do paritorio, e ao que parece ser que o SERGAS vai sancionar con dous días de emprego e soldo, polo que dese este pleno lle quere enviar o seu respaldo.

- Rodríguez Villarino (grupo do PS de G\_PSOE): Intervén para manifestarse no mesmo sentido que o representante do BNG respecto do tema do doutor Castrillo, instando a unha declaración institucional conxunta a favor deste profesional que destaca na defensa das mulleres e da nosa provincia.

A Presidencia indica que debe tratarse este tema na vindeira xunta de voceiros da Deputación.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G\_PSOE): Intervén para solicitar resposta á segunda parte da pregunta formulada na primeira quenda sobre o proxecto de acondicionamento e reforzo do firme no acceso a Seadur desde a N-120 e se se volverá a iniciar este mesmo expediente no presente exercicio.

A Presidencia contesta que se está estudando a súa inclusión na vindeira modificación orzamentaria da Deputación, pero que aínda non se pode precisar.

- Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para realizar tres rogos, o primeiro que se retire por parte do voceiro do grupo socialista a afirmación de que ela é unha tráfuga, o segundo á deputada socialista pedíndolle que non faga demagogia nas súas intervencións coa defensa das mulleres, lembrándolle que preferiu meter no goberno do concello de Xinzo de Limia a seis homes antes que a unha muller, e o terceiro rogo tamén para Rodríguez Villarino pedindo que se retire da acta a afirmación que este fixo onde indicara que nunha reunión mantida na sede do partido socialista ela se manifestara a favor da moción de censura contra o actual goberno provincial, pasando a dar lectura a un whatsapp que ela mesma lle enviara a Rodríguez Villarino na data 28.01.2020 onde lle indica que a súa postura era contraria á dita moción de censura, indicando que ela acudiu á reunión de días despois na sede do partido socialista porque o seu partido así llo pediu e a modo de escoita e de recollida de información. Conclúe afirmando que esa é a única verdade.

- Rodríguez Villarino (grupo do PS de G\_PSOE): Realízalle á deputada Montserrat Lama o rogo de que medre e que en vez de andar con infantilismos, alguén lle lea a III addenda ao acordo sobre un código de conduta política en relación co transfuguismo nas institucións democráticas, para ver se así o entende.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

## **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url - <http://depourense.seneca.tv/s/qsWUfNRgb8gamNy31gjJPyvZnev0Lhuj.mp4>

SHA512

1f66a2a45f2185adead44582f7e36d87187236069d78b81bcd6f34fd5c5906f1b13fc7d  
d3aa4968eaa5ac84ce8796a14283c69c27e40c1ec9dd7f7f9102049e0

E, ás 15.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.